

Jacques Tati, 1971

ESTREA EN NUMAX: 15.08.2022 | V.O.S.E. | TP | 96 min

Monsieur Hulot é deseñador de vehículos dunha empresa de automóbiles que foi convidada a participar nunha importante exposición do motor. Hulot, que deseñou un peculiar vehículo que se converte nunha casa con rodas, terá un accidente viaxando cara o seu destino.



A cámara no sitio xusto para alegrarnos a vida

Por Enrique Fernández Lópiz

No filme *Tráfico*, o señor Hulot, personaxe emblemático co que o director e protagonista se identificaba, é un deseñador dunha modesta sociedade parisiense de nome Altra, que se dedica á fabricación de automóbiles.

A sociedade encárgalle a Hulot conducir un Renault 4 dotado con numerosos artefactos da súa invención, tipo autocaravana, para que vaia a unha exhibición no Salón Internacional do Automóvil de Ámsterdam. No traxecto, o tráfico resulta un obstáculo. A señora encargada das relacións públicas de Altra, María, está moi nerviosa polo atraso da comitiva, e o seu estado de nervios fai que se desencadeen unha serie de contratemplos e catástrofes inoportunas. Hai escenas, como as dun choque múltiple, que serven para poñer cara e análise psicolóxica ás divertidas reaccións dos diferentes condutores involucrados no contratempo: o pusilánime, o sacerdote, o enérxico mozo, etc.

O gran director, intérprete e cómico Jacques Tati (o seu nome orixinal era Jacques Tatischeff), é considerado herdeiro de diversos actores e directores de cinema mudo - como Keaton, Chaplin ou Lloyd- pero, sobre todo, do actor cómico xudeu-francés Max Linder. Linder era un actor que adoitaba interpretar personaxes de aspecto distinguido e de atilada vestimenta, que se vían atrapados nos máis insólitos enredos. Con estas influencias, Tati creou o seu propio humor, que foi considerado un humor intelectual e eminentemente francés. *Tráfico* foi a última longametraxe que asinou Tati, que traballa neste filme co seu característico estilo e unha absoluta solvencia. É unha obra de cinema de humor francés e incluso universal. Tati é puro enxeño e domina perfectamente o territorio do *gag*, os espazos e os recursos da mímica e a linguaxe corporal do cinema mudo; pois, aínda que o seu cinema é sonoro, é sobre todo visual. É surrealista, satírico e sorprendente tamén.

Nel volven as aventuras e tamén desgrazas do famoso señor Hulot. É un filme que ademais de humor conta con finos toques de ironía (ao máis puro estilo Tati), cun rosario de acontecementos para escachar da risa que narran as peripecias polas que ten que pasar o protagonista até chegar a Ámsterdam. Ten un carácter metafórico, onde o camiño non é tan só un traxecto de obrigado cumprimento para levar en camiión o pretensioso vehículo a Holanda, senón que o rosario de incidentes que se producen quere significar igualmente un reflexo da propia vida de Hulot, que é en certo modo a de Tati. Recordo aquí que Tati se queixaba nos últimos anos do esquecemento ao que o sometera a industria do cinema: só seis filmes en trinta anos de profesión!

Ten un carácter humano fronte os problemas cotiáns que a vida presenta. Tati ofrece unha mirada con sorpresa do mundo, sorpresa que devén sarcasmo. Neste filme, como noutros, a mirada de Tati é limpa, unha prístina e inocente visión para este mundo que tolea por momentos.

Escenas de auténtica risa, humor a todo gas (nunca mellor dito), un humor para quen lle guste Tati, co seu singular estilo, a súa maneira de camiñar e moverse xogando cos encadres diferentes, con esa mecánica de ir e volver de xente que non se sabe a onde vai, personaxes que se moven de maneira sincronizada cunha precisión de relojería; un Tati que pon a cámara no sitio xusto par alegrarnos a vida.